



### CONCELLOS

#### BARREIROS

##### *Anuncio*

Conforme dispoñen os artigos 112 da Lei 7/85 de 2 de abril, e 169 do RD lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, encontrase exposto ó público na secretaría municipal e na sede electrónica do concello (<https://barreiros.sedelectronica.es>), a efectos de reclamacións, o Orzamento Xeral da Entidade para o exercicio 2022 aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 21 de febreiro de 2022.

Os interesados que estean lexitimados segundo o disposto no artigo 170.1 do RD lexislativo 2/2004, a que se fixo referencia, e polos motivos taxativamente numerados no artigo 170.2, poderán presentar reclamacións nos quince días hábiles a partir do seguinte á data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Barreiros, 22 de febreiros de 2022.- A Alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 0380

##### *Anuncio*

Visto que corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

Visto que durante os días 26 de febreiro a 7 de marzo a alcaldesa atoparase ausente do Municipio por período vacacional.

Por todo iso, en virtude do disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), **RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Delegar en Antonio Veiga Outeiro, como Primeiro Tenente de alcalde a totalidade das funcións da Alcaldía dende o día 26 de febreiro ó 7 de marzo de 2022, ambos incluídos.

**SEGUNDO.** A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

**TERCEIRO.** O órgano delegado debe informar a esta Alcaldía, a posteriori, e, en todo caso, cando se lle requira para iso, da xestión realizada e das disposicións ditadas no período de referencia, e con carácter previo daquelas decisións de transcendencia, tal e como se prevé na o artigo 115 do ROF.

**CUARTO.** A delegación conferida no presente Decreto requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, enténdéndose esta outorgada tácitamente se non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

**QUINTO.** Esta delegación publicarase no BOP, e farase pública a través do taboleiro de anuncios do concello, tanto o físico como o da sede electrónica municipal, e darase conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre.

**SEXTO.** No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en canto ás regras que para a delegación se establecen en devanditas normas.

Barreiros, 22 de febreiro de 2022.- A Alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 0381

## LUGO

### Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 2 de febreiro de 2022, adoptou, entre outros o acordo 12/43 RESOLUCIÓN CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA XEFES DE SERVIZO, cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

“PRIMEIRO.- Resolver o concurso convocado para a provisión de postos de XEFES DE SERVIZO, adxudicando definitivamente os postos da seguinte forma:

POSTO	CODIGO	ADXUDICATARIO/A	DNI
Xefe/a Servizo de Fomento	05/208	María Jesús López Vázquez	****2976**
Xefe/a Servizo de Licenzas	22/208	María Covadonga Honrado Honrado	***8344**
Xefe/a Servizo de Igualdade	42/208	Valentín López Aira	***7502**
Xefe/a Servizo de Educación	43/208	Marta López Peña	***0251**
Xefe/a Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua	51/208	Xosé Manuel Cao Rei	***5613**
Xefe/a Servizo de Fiscalización Previa	61/208/1	María Concepción Castro-Gil Iglesias	***0515**
Xefe/a Servizo de Control Financeiro	61/208/2	Pedro Fernández Agusti	***2204**
Xefe/a Servizo do Organo de Xestión Económico Financeiro	62/208	Natalia Framil Reqo	***9723**
Xefe/a Servizo de Facenda Local	65/208	Isabel Carbonés Bosh	***1180**
Xefe/a Servizo de Augas	66/208	María del Carmen Carlín Arias	***1401**
Xefe/a Servizo de Desenvolvemento Local	67/208	María Isabel Villamor Cabado	***0287**
Xefe/a Servizo de Participación e Atención Cidadá	72/208	Amparo Rubinos Hermida	***4310**
Xefe/a Servizo de Prevención e Saúde	07/208	Deserta	-----

SEGUNDO.- Cesar aos adxudicatarios nos seus actuais postos de traballo.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.- Contra esta resolución pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso-administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

CUARTO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.”

Lugo, 21 de febreiro de 2022.-A Tta. de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 0376

### Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 2 de febreiro de 2022, adoptou, entre outros o acordo 11/42 RESOLUCIÓN PARCIAL E DEFINITIVA CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA ADXUNTOS DE SERVIZO, XEFES DE SECCIÓN E ADXUNTOS DE SECCIÓN: POSTO XEFE/A DE SECCIÓN DE ATENCIÓN CIDADÁ (SAC), cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

“PRIMERO.- Resolver o concurso convocado para a provisión de postos de ADXUNTOS DE SERVIZO, XEFES DE SECCIÓN E ADXUNTOS DE SECCIÓN, adxudicando definitivamente o posto de Xefe/a de Sección de Atención Cidadá (SAC) da seguinte forma:

POSTO	CODIGO	ADXUDICATARIO/A	DNI
Xefe/a de Sección de Atención Cidadá (SAC)	7201/18	María Carmen Neira Vieito	***4879**

SEGUNDO.- Cesar á adxudicataria no seu actual posto de traballo.

A dita adxudicación e cesamento están condicionados á adxudicación a D.<sup>a</sup> Amparo Rubinos Hermida do posto de Xefe/a Servizo de Participación e Atención Cidadá no concurso de xefaturas do servizo do Concello de Lugo.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.- Contra esta resolución pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso-administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

CUARTO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.”

Lugo, 21 de febreiro de 2022.- A Tta. de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 0377

## NEGUEIRA DE MUÑIZ

### Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data do 03.02.2022, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de xaneiro de 2022 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 280,64 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 223,67 €.

Por medio do presente expónse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 21 de febreiro de 2022.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 0384

## OUTEIRO DE REI

### *Anuncio*

Na sesión plenaria celebrada o día 18 de setembro de 2022 aprobouse inicialmente a modificación da relación de postos de traballo do Concello.

O documento pode consultarse na sede electrónica do concello de Outeiro de Rei, no apartado "portal de transparencia", subapartado "institucional", na dirección electrónica <https://outeiroderei.sedelectronica.gal/>

De conformidade co previsto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, ábrese un período de información pública de vinte días, a fin de calquer persoa poida presentar as alegacións que estime convintes.

De transcurrir dito prazo sen que se presente alegación algunha entenderase aprobada definitivamente a modificación da relación de postos de traballo.

Outeiro de Rei, 21 de febreiro de 2022.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 0382

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN INICIAL**

José Pardo Lombao, Alcade do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, por medio do presente anuncio que, na sesión plenaria celebrada o día 18 de febreiro de 2022, o Pleno da Corporación aprobou inicialmente a ordenanza reguladora do uso das instalacións deportivas do Concello de Outeiro de Rei.

O seu texto pode consularse no portal de transparencia ubicado na sede electrónica municipal, no apartado "normativa ", subapartado "proxectos en tramitación", ou ben no seguinte ligazón:<https://outeiroderei.sedelectronica.gal/transparency/19cc68fa-83e8-495d-b69a-9d69e104f7c/>

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, ábrese un prazo de información de trinta días, a fin de que calquer interesado poida presentar as alegacións e suxerencias.

De non presentarse alegacións no indicado prazo, se entenderá definitivamente adoptado o acordo até entón provisional.

Outeiro de Rei, 21 de febreiro de 2021.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 0383

## O SAVIÑAO

### *Anuncio*

Exposición pública do padrón de suxeitos pasivos (contribuíntes) polos conceptos de taxa de recollida de LIXO (urbán), TAXA POLO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE AUGA DOMICILIARIA (incluído o canon da auga) e SUMIDOIRO correspondentes ao 1º bimestre do exercicio 2021, aprobado por Decreto de Alcaldía de data 18 de febreiro do 2022.

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

O prazo de ingreso, en período voluntario, será o comprendido entre o 1 de marzo e o 20 de abril de 2022, ámbolos dous inclusive. O ingreso do recibo farase en calquera oficina do Banco Santander.

Os recibos dos titulares que non teñan domiciliado o pago, serán enviados os seus respectivos domicilios para que fagan o ingreso. Para as persoas que teñan domiciliado o pago, o Concello remitirá o correspondente recibo á conta de domiciliación.

Vencido o citado prazo en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina que os recibos non pagados esixiranse pola vía administrativa de prema, coas recargas e xuros correspondentes, consonte co establecido nos artigos 161 de Lei Xeral Tributaria e 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005, de 29 de xullo).

---

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, a falta do seu pagamento no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económica administrativa ante o órgano económico administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

O Saviñao. 18 de febreiro 2022.- O alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0385

---